

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Bases da convocatoria para a formación dunha lista de persoas candidatas para a provisión interina ou temporal de administrativos de administración xeral. Corrección de erros

ANUNCIO

Por decreto número 2505/2019, con data 19 de setembro de 2019, se aprobaron as bases da convocatoria para a formación dunha lista de persoas candidatas para a provisión interina ou temporal de administrativos de administración xeral (BOP Coruña, número 187, de 2 de outubro de 2019).

Foi detectado un erro no apartado 7.2.-Fase de concurso das meritadas bases tal e como se pon de manifesto no escrito presentado por Dona María Beatriz Carrodeguas Filgueiras, con DNI 32.668.527-V, en data 7/10/2019, número de rexistro de entrada 201999900001811.

“7.2.- Fase de concurso: (hasta 15 puntos)

Para dita fase, os aspirantes achegarán conxuntamente coa instancia para tomar parte no proceso selectivo unha relación dos méritos que aleguen, acompañando os documentos xustificativos dos mesmos, orixinais ou fotocopias compulsadas, xa que non se tomarán en conta nin serán valorados aqueles que non queden debidamente acreditados dentro do prazo de presentación de solicitudes.

A fase de Concurso será posterior á da oposición e non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición. Finalizada ésta o Tribunal realizará a valoración dos méritos dos aspirantes que superaron a fase de oposición.

Os méritos que se valorarán nesta fase de concurso e a súa correspondente puntuación, serán os seguintes:

A) Experiencia profesional: (0 a 8 puntos)

· Por cada mes completo de servizos prestados en postos de traballo de administrativo de administración xeral, técnico de xestión de administración xeral ou técnico de administración xeral ó servizo dunha administración local: 0,20 puntos, ata un máximo de 5 puntos.

· Por cada mes completo de servizos prestados en postos de traballo de administrativo de administración xeral, técnico de xestión de administración xeral ou técnico de administración xeral ó servizo dunha administración pública distinta da local: 0,15 puntos, ata un máximo de 3 puntos

Estes méritos se acreditarán mediante as correspondentes certificacións das Administracións Públicas nas que se prestaron os servizos ou con contratos de traballo acompañados do informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

B) Superación de exercicios en procesos selectivos: (de 0 a 5 puntos)

Pola superación de exercicios en procesos selectivos para o acceso como funcionario de carreira ou interino a corpos ou escalas da Administración Pública ou a postos da mesma de réxime laboral fixo que sexan do mesmo ou superior grupo de titulación e igual ámbito funcional, que o correspondente ao posto a cubrir, sempre e cando se houberen celebrado nos CINCO anos anteriores á publicación desta convocatoria:

· 0,50 puntos por exercicio superado. Neste caso a puntuación máxima que se pode obter será de 5 puntos.

Para a xustificación deste apartado se precisará a presentación do certificado da Administración Pública na que aprobara os exames.

C) Formación académica: (de 0 a 2 puntos)

Pola realización de cursos de formación ou perfeccionamento, seminarios ou xornadas relacionados coa Administración Local, impartidos ou financiados polas Administracións públicas ou por organismos dependentes delas ou por Universidades:

- De duración ata 19 horas 0.05 puntos
- De duración de 20 a 50 horas..... 0.10 puntos
- De duración de 51 a 80 horas..... 0.20 puntos
- De duración de 81 a 100 horas..... 0.40 puntos
- De duración de 101 horas en adiante 0.50 puntos

A puntuación máxima por formación será de 2 puntos.

Os diplomas, certificados ou documentos que acrediten a realización de cursos deberán expresar a duración en horas e expresar con suficiente claridade o seu contido básico. Se non se indican as horas de duración a puntuación que se outorgará será a mínima de 0,05 puntos por curso, seminario ou xornadas.

Unha vez realizada a valoración de méritos, o seu resultado expoñeráse no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do Concello de Carballo.”

Foi visto o artigo 56.3 da Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia “El concurso-oposición consiste en la superación de las pruebas correspondientes, a las que será de aplicación lo previsto en el apartado anterior, así como en la posesión previa, debidamente valorada, de determinadas condiciones de formación, méritos o niveles de experiencia.

La valoración de dichas condiciones de formación, méritos o niveles de experiencia **no supondrá más de un cuarenta por ciento de la puntuación máxima alcanzable en el proceso selectivo**. A fin de asegurar la debida idoneidad de las personas aspirantes, estas deberán superar en la fase de oposición la puntuación mínima establecida para las respectivas pruebas selectivas.”

En conclusión, tal e como se aprobaron as bases, a puntuación máxima da fase de concurso, con 15 puntos, supón un 42,86% da puntuación total, superando o establecido na normativa vixente e definido no parágrafo anterior. Así onde di:

“7.2.- Fase de concurso: (hasta 15 puntos)”

Debe decir:

7.2.- Fase de concurso: (ata 14 puntos)

E onde di:

“B) Superación de ejercicios en procesos selectivos: (de 0 a 5 puntos)”

Debe decir:

B) Superación de ejercicios en procesos selectivos: (de 0 a 4 puntos)

Á vista de todo o anterior e de acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente, **RESOLVO**:

Primeiro: Correxir o erro detectado no apartado “7.2.-Fase de concurso” das bases da convocatoria para a formación dunha lista de persoas candidatas para a provisión interina ou temporal de administrativos de administración xeral (BOP Coruña, número 187, de 2 de outubro de 2019). Así onde di:

“7.2.- Fase de concurso: (hasta 15 puntos)”

Debe decir:

7.2.- Fase de concurso: (ata 14 puntos)

E onde di:

“B) Superación de ejercicios en procesos selectivos: (de 0 a 5 puntos)”

Debe decir:

B) Superación de ejercicios en procesos selectivos: (de 0 a 4 puntos)

“7.2.- Fase de concurso: (ata 14 puntos)

Para dita fase, os aspirantes achegarán conxuntamente coa instancia para tomar parte no proceso selectivo unha relación dos méritos que aleguen, acompañando os documentos xustificativos dos mesmos, orixinais ou fotocopias compulsadas, xa que non se tomarán en conta nin serán valorados aqueles que non queden debidamente acreditados dentro do prazo de presentación de solicitudes.

A fase de Concurso será posterior á da oposición e non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición. Finalizada ésta o Tribunal realizará a valoración dos méritos dos aspirantes que superaron a fase de oposición.

Os méritos que se valorarán nesta fase de concurso e a súa correspondente puntuación, serán os seguintes:

A) Experiencia profesional: (0 a 8 puntos)

· Por cada mes completo de servizos prestados en postos de traballo de administrativo de administración xeral, técnico de xestión de administración xeral ou técnico de administración xeral ó servizo dunha administración local: 0,20 puntos, ata un máximo de 5 puntos.

· Por cada mes completo de servizos prestados en postos de traballo de administrativo de administración xeral, técnico de xestión de administración xeral ou técnico de administración xeral ó servizo dunha administración pública distinta da local: 0,15 puntos, ata un máximo de 3 puntos

Estes méritos se acreditarán mediante as correspondentes certificacións das Administracións Públicas nas que se prestaron os servizos ou con contratos de traballo acompañados do informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

B) Superación de exercicios en procesos selectivos: (de 0 a 4 puntos)

Pola superación de exercicios en procesos selectivos para o acceso como funcionario de carreira ou interino a corpos ou escalas da Administración Pública ou a postos da mesma de réxime laboral fixo que sexan do mesmo ou superior grupo de titulación e igual ámbito funcional, que o correspondente ao posto a cubrir, sempre e cando se houberen celebrado nos CINCO anos anteriores á publicación desta convocatoria:

· 0,50 puntos por exercicio superado. Neste caso a puntuación máxima que se pode obter será de 4 puntos.

Para a xustificación deste apartado se precisará a presentación do certificado da Administración Pública na que aprobara os exames.

C) Formación académica: (de 0 a 2 puntos)

Pola realización de cursos de formación ou perfeccionamento, seminarios ou xornadas relacionados coa Administración Local, impartidos ou financiados polas Administracións públicas ou por organismos dependentes delas ou por Universidades:

- De duración ata 19 horas 0.05 puntos
- De duración de 20 a 50 horas..... 0.10 puntos
- De duración de 51 a 80 horas..... 0.20 puntos
- De duración de 81 a 100 horas..... 0.40 puntos
- De duración de 101 horas en diante 0.50 puntos

A puntuación máxima por formación será de 2 puntos.

Os diplomas, certificados ou documentos que acrediten a realización de cursos deberán expresar a duración en horas e expresar con suficiente claridade o seu contido básico. Se non se indican as horas de duración a puntuación que se outorgará será a mínima de 0,05 puntos por curso, seminario ou xornadas.

Unha vez realizada a valoración de méritos, o seu resultado expoñerase no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do Concello de Carballo.”

Segundo.- Ordenar a publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Taboleiro de Anuncios do Concello e na web municipal.

Carballo 14 de outubro de 2019

O Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2019/8281